

Principais características

Falecimento por accidente: cando en consecuencia do accidente cuberto e dentro do prazo dun ano desde a súa ocorrencia, o asegurado falece.

Invalidez permanente parcial: cando en consecuencia directa do accidente cuberto e dentro do prazo dun ano desde a súa ocorrencia, se manifesten no asegurado secuelas físicas irreversibles, non englobables nos supostos de invalidez permanente total.

Invalidez permanente total: cando en consecuencia do accidente cuberto e dentro do termo dun ano despois de acontecer, se manifesten no asegurado as seguintes perdas irreversibles:

Cegueira absoluta ou perda total da visión dun ollo.

Parálise completa.

Perda dun ou varios destes membros: man, pé, brazo ou perna.

Garantía adicional de gastos de secuestro: en caso de producirse o secuestro do medio de transporte, a entidade aseguradora pagará como máximo o capital determinado neste certificado, en concepto de gastos necesarios e xustificados.

Garantía de reembolso de compras pagadas con tarxeta: se en consecuencia dun accidente na súa vida privada ou no exercicio da súa profesión se produce o falecemento ou a invalidez permanente total do asegurado, a entidade aseguradora aboará ao beneficiario o importe correspondente ao volume dos débitos por compras que consten cargados no extracto da conta da tarxeta correspondente ao titular desta e referidos aos doce últimos meses anteriores ao accidente cuberto.